

O SIGNIFICADO DAS SIGLAS

L
G
B
T
I
Q
A
+

L _ _ _ _ _

Muller que sente atracción sexual por outras mulleres.

G _ _

Home que sente atracción sexual por outros homes.

B _ _ _ _ _

Persoa que sente atracción sexual por persoas de
ambos os dous sexos.

T _ _ _ _

Persoa que ten unha identidade de xénero distinta á
que lle foi atribuída ao nacer.

I _ _ _ _ _ _ _ _

Persoa que nace con características sexuais
masculinas e femininas.

Q _ _ _ _

Termo que engloba a todas as persoas diversas.

A _ _ _ _ _

Persoa que non sente atracción sexual por ninguén.

+

Este símbolo fai referencia a outras sexualidades e
identidades.

VERSIÓN COMPLEXA

Persoa que non sente atracción sexual por ninguén.

Termo que engloba a todas as persoas diversas.

Persoa que sente atracción sexual por persoas de ambos os dous sexos.

Persoa que ten unha identidade de xénero distinta á que lle foi atribuída ao nacer.

Home que sente atracción sexual por outros homes.

Persoa que nace con características sexuais masculinas e femininas.

Muller que sente atracción sexual por outras mulleres.

Este símbolo fai referencia a outras sexualidades e identidades.

DÍA DA SAÍDA DO ARMARIO

O 11 de outubro converteuse no Día da Saída do Armario (en inglés Coming Out Day), un día internacional instaurado en 1988 para tomar conciencia sobre a importancia de reafirmar a sexualidade individual.

Este día foi creado polo Dr. Robert Eichberg, un psicólogo de Nuevo México, e Jean O'Leary, unha política abertamente lesbiana de Los Ángeles. Escolleuse o 11 de outubro porque coincide co aniversario da Marcha polos Dereitos de Gais e Lesbianas que tivo lugar en Washington DC en 1987 e onde acudiron máis de 500.000 persoas para pedir a igualdade de dereitos.

O Día Internacional da Saída do Armario serve para concienciar á poboación xeral sobre a realidade LGBTIQA+ e os nosos dereitos civís. Ao longo de todos estes anos moitos personaxes famosos como Pablo Alborán, Ricky Martin ou Miley Cyrus aproveitaron este día para saír do armario publicamente, axudando tamén a visibilizar ás familias LGTBIQA+. Hoxe en día é unha festa para celebrar o acadado en países occidentais e reivindicar o que queda por conseguir noutros países do mundo.

1. Para que se celebra este día?

2. Quen o creou?

3. Por que se escolleu o 11 de outubro?

4. Que persoas famosas aproveitaron este día para facer pública a súa condición?

5. Que cres que é o que queda por conseguir noutros países?

6. Cres que é importante esta celebración? Por que?

7. Busca información sobre outras conmemoracións LGBTIQ+.

